# Plan de traballo para o alumnado con materia pendente

Toda vez que os contidos da materia presentan marca de progresividade e nos distintos bloques se amplían en boa parte os contidos do curso anterior, no desenvolvemento común das clases prepárase para a súa recuperación ó alumnado que ten esta materia pendente.
Ó alumnado que non adquiriu as aprendizaxe imprescindibles no curso anterior e promocionou, faráselle un seguimento que será guiado polo profesorado que lle imparte clase no presente curso académico e coordinado polo xefe de Departamento.

## 1. Actividades de avaliación

Para levar a cabo a recuperación da materia pendente, teranse en conta as seguintes actividades:

**1. Traballo do alumno/a no curso en que actualmente está matriculado.**

**2. Realización de probas escritas.**
A materia pendente nos cursos divídese en tres partes. Realízase unha proba por cada avaliación segundo o calendario marcado pola Xefatura de Estudos do centro. De ser necesaria, o alumnado realizará unha recuperación final antes da avaliación final do nivel que curse.

**3. Realización de traballos e exercicios.**
Proporanse tres bloques de actividades, unha por avaliación, que deberán ser entregados sucesivamente ó profesor/a da materia tendo como data límite 10 días antes da realización de cada unha das tres probas escritas. Estes boletíns están a disposición do alumnado na Aula de Pendentes (Aula Virtual do centro).
Ningún profesor/a do Departamento dispón de horas específicas para atender a este alumnado polo que calquera consulta sobre a materia pendente poderase facer durante a clase ou nos recreos que se establezan.

## 2. Contidos mínimos

| CURSO | 1ª PARTE | 2ª PARTE | 3ª PARTE | PROFESORADO RESPONSABLE |
|---|---|---|---|---|
| **1º ESO** | -Textos literatios narrativos<br>- Diversidade lingüística europea<br>- Elementos da comunicación<br>- Determinantes, substantivo e adxectivo<br>- Propiedades textuais<br>- Acentuación | -Textos literatios líricos<br>- Textos xornalísticos<br>- Diversidade lingüística española<br>- A descrición<br>- O pronome e verbo<br>- Uso de B/V<br>- Acentuación diacrítica | - Textos literarios teatrais<br>- Variedades xeográficas<br>- Estrutura da oración<br>-Adverbio e preposición<br>- Uso do H | **Xano Fdez.**<br>**X. Ramón Fdez.**<br>**Asun Álvarez** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **2º ESO** | -Noticia, narración, carta, diario e blogs<br>- A lusofonía<br>- Linguas minoritarias e minorizadas. Normalizac lingüística<br>- Lexemas e morfemas. Prefixos e sufixos<br>- O substantivo | - Textos poéticos<br>- A descrición<br>- O folleto<br>- Os prexuízos lingüísticos<br>- O galego no ámbito local e na contorna. Transmisión lingüística<br>- O adxectivo e o verbo<br>- A frase<br>- Grupos consonánticos<br>-A acentuación | - A procura de información<br>- O cine, sética marte<br>- Textos académicos<br>- Variedade estándar<br>- O galego no ensino<br>- Rexistros da fala. Variedade estándar<br>- Cláusula<br>- Suxeito, predicado e complementos<br>- Signos de puntuación | **DoresDíaz** |
| **3º ESO** | - Descrición e narración<br>- A noticia<br>- Alfabeto, vogais e consoantes<br>- Relacións semánticas<br>- Lexemas e morfemas<br>- Clases de palabras<br>- Substantivo e adxectivo<br>- Frases substantivas nominais e adxectivas<br>- Familias lingüísticas. O catalán<br>- O esplendor da lingua<br>- Contacto lingüístico: bilingüismo e diglosia<br>- A lírica medieval | - A reportaxe e o diálogo<br>- Textos formalizados<br>- Etapas da historia da lingua: decadencia e dignificación<br>- Prexuízos lingüísticos<br>- Determinante, pronome e verbo<br>- Ditongo e hiato<br>- Regras de acentuación<br>- Os Séculos Escuros<br>- Rosalía e Curros | - Textos informativos<br>- A entrevista<br>- A banda deseñada<br>- Variación social<br>- Normalización lingüística<br>- Formas nominais do verbo. Perífrase. Adverbio, conxunción e interxección<br>- Acento diacrítico<br>- Diérese e apóstrofo<br>- Pondal. Irmandades da Fala | **X. Ramón Fdez.** |
| **1º BAC** | - A lingua como sistema de comunicación<br>- Contacto, bilingüismo e diglosia<br>- Orixes do galego. Substato e superestrato<br>-O substantivo<br>- Voces patrimoniais<br>- Palabras patrimoniais e cultismos<br>- Os tropos<br>- Lírica medieval profana | - Galego Antigo, Galego Medio e Galego Moderno<br>- Determinante, adxectivo e pronome<br>- Familias léxicas<br>- Cantigas de Sta. María, prosa galega medieval e xéneros menores<br>- Séculos Escuros e Prerrexurdimento | - Variación da lingua<br>- Linguas ibéricas. A luso-fonía<br>- Verbo, adverbio, preposi-ción e conxunción<br>- Rexurdimento: Rosalía de Castro, Curros e Pondal | **X. Ramón Fdez.** |

## 3. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación coinciden cos dos grupos ordinarios.

## 4. Criterios de cualificación

Para avaliar a materia pendente, teranse en conta as seguintes actividades:

**1.** Cualificación do traballo na aula e dos traballos entregados. Valoración: 20%.

**2.** Cualificacións das tres probas e da proba final (se procede): 80%